

Simbología do cartel "24F: O IGaFA conmemora o Día de Rosalía de Castro".



Entre os diversos actos conmemorativos do **Día de Rosalía** que o EDLG (Equipo de Dinamización da Lingua Galega) do **IGaFA** (Instituto Galego de Formación en Acuicultura) organiza durante o mes de febreiro de 2019, inclúese a colaboración no deseño dun **cartel conmemorativo** do Día de Rosalía realizado por un alumno do centro, **Xulián Miranda Sieiro**, do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en **Acuicultura**.

O cartel impreso en papel A3 colocouse por diversos lugares do centro e distribuíuse tamén en formato dixital (arquivo .jpg) vía Whatsapp entre toda a comunidade educativa do IGaFA (alumnado, profesorado, PAS). Xunto co cartel enviouse unha explicación da motivación e simbología dos diferentes aspectos que aparecen no cartel.

Motivación e simbología do cartel:

Rosalía e o mar: Como tema principal e nexos de unión entre Rosalía de Castro e o IGaFA, no cartel quíxose reflectir e deixar patente a relación de Rosalía de Castro co **mar**, "**que foi, na natureza, o seu amor predilecto**", segundo deixou escrito o seu marido, Manuel Murgía.

Representando a inseparable unión entre o mar e a acuicultura, no cartel plásmanse os principais grupos de especies mariñas (**fitoplancto, rotífero, Artemia, macroalgas, peixes, moluscos, crustáceos e equinodermos**) que estanse a cultivar actualmente no mundo mediante as técnicas acuícolas, ensinanzas que se que imparten no IGaFA (Instituto Galego de Formación en Acuicultura) mediante o ciclo medio de Cultivos Acuícolas e o ciclo superior de Acuicultura.

No cartel aparecen tamén debuxados os pequenos organismos (**fitoplancto e zooplancto**) que actualmente son a base de todo cultivo mariño representados por unha célula dunha microalga (que polo seu contorno e cor, ben podería representar á **microalga Isochrysis galbana**, unha das especies de fitoplancto máis utilizada na acuicultura) e dúas especies de zooplanto, un **rotífero** e un nauplius de **Artemia**.

En representación do resto da fauna e bioloxía mariña inclúese un **balano** (ou landra de mar), fixado sobre a concha da vieira.

Co debuxo dun **peixe pallaso** representase outra parte importante das ensinanzas do noso centro, a acuarioloxía.

Na base do cartel, entre as ondas do mar, aparece tamén a figura dun **mergullador**, en alusión ao ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en **Operacións Subacuáticas e Hiperbáricas** que se imparte tamén no noso centro.

Nas **frondes das macroalgas** indícanse algúns dos datos principais (título, breve descrición e ano de publicación) de catro das principais obras de Rosalía. As obras están ordenadas, de esquerda a dereita, de xeito cronolóxico. A primeira delas, **La hija del mar**, foi a súa primeira obra en prosa, escrita no ano **1853**, e transcorre nunha vila mariñeira na que o mar, e as súas traxedias, son parte importante da trama. Nas posicións centrais están dúas das obras máis emblemáticas e recoñecidas de Rosalía de Castro, **Cantares gallegos** e **Follas Novas**, escritas ambas en galego en **1863** e **1880**, respectivamente. A posición dun crustáceo (neste caso unha centola) preto da alga que representa a súa derradeira obra (**A orillas del Sar**), escrita en **1884**, pretende simbolizar tamén a causa da súa morte, un cancro, no ano **1885**.

Desde o EDLG do IGaFA queremoslle expresar ó alumno Xulián Miranda o noso máis sincero agradecemento pola súa plena e desinteresada colaboración.

Febreiro 2019.

